

Lalín muncero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2015. NÚM. 2/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:


D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PsdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).


SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asiste:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).





Lalínmcero

Secretaría Xeral





Concello de Lalín

ÍNDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior Nº 1/2015 de 26 de xaneiro	páx. 3
2.- Renuncia de D. Román Rodríguez González á acta de Concelleiro.....	páx. 3
3.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 4
4.- Informes de morosidade e período medio de pago do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín, correspondentes ao cuarto trimestre de 2014. Dación de conta.....	páx. 9
5.- Expediente de bonificación no ICIO para as obras de construción de nave destinada a viveiro de empresas.....	páx. 10
6.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
6.1.- Moción do PSdeG-PSOE relativa ao CAR	páx. 12
6.2.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á solicitude dunha nova ponencia de valores á Dirección Xeral de Catastro.....	páx. 14
7.- Moción do BNG:	
7.1.- Moción do BNG solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde para que explique a constitución do Consello Veciñal.....	páx. 15
8.- Mocións do PGD:	
8.1.- Moción do PGD relativa á creación dun Centro de Negocio e Ensino de Recuperación Artesanal de carácter local.....	páx. 16
8.2.- Moción do PGD relativa á cobertura sanitaria para españois retornados.....	páx. 18
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 19

=====





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Sendo as dez horas do **luns día 23 de febreiro de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste *D. Román Rodríguez González (PP)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 1/2015 da sesión ordinaria celebrada o día 26 de xaneiro de 2015. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 1/2015 correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2015, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.


2.- RENUNCIA DE D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ Á ACTA DE CONCELEIRO.-

Dáse conta pola Presidencia do escrito presentado por D. Román Rodríguez González, de data 10 de febreiro de 2015 (nº rex. 846). A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao mesmo, no que renuncia á súa condición de concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra) con motivo do seu nomeamento como Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia mediante Decreto ditado polo Sr. Presidente da Xunta de Galicia, de data 9 de febreiro de 2015, publicado no DOG número 27 de 10 de febreiro de 2015.

O Sr. Alcalde-Presidente e os demais membros da Corporación municipal felicitaron ao novo Conselleiro polo seu nomeamento e lle agradeceron os servizos prestados ata o de agora nesta Corporación.

O Pleno do Concello de Lalín quedou enterado de dita renuncia e por **UNANIMIDADE** dos asistentes (20 concelleiros) **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de D. Román Rodríguez González ao seu cargo de



Secretaría Xeral
concelleiro do Concello de Lalín (Pontevedra) polos motivos antes expostos.

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta Electoral Central que designe o antes posible ao novo concelleiro deste Concello de Lalín que corresponde por número de orde 17 da candidatura do Partido Popular (BOP núm. 79 de 26 de abril de 2011) a D. Manuel González Otero.

3.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

4.- INFORMES DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO DO CONCELLO DE LALÍN E DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN, CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2014: DACIÓN DE CONTA.-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2014.

Polo grupo de goberno, **D. Manuel Gómez Estévez**, concelleiro delegado de Facenda, explicou o seu contido. Sinalou que este era o cuarto informe que viña a sesión e tratábase de continuar co que dicía a normativa vixente: dar conta e facer os trámites previstos.

Falou de seguido o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, quen manifestou que este punto se debía á política económica do Ministro de Economía, ao *Sr. Cristóbal Montoro*, gran estratega económico deste país. Sucédía que se apretaba demasiado aos Concellos para cumprir os seus obxectivos de política económica. Grazas a eles, tanto o Estado como sobre todo as C.C.AA non cumprían os seus deberes, e o déficit era o que era. Esixía aos Concellos grandes sacrificios, para cubrir os obxectivos de déficit. *“Os concellos estamos a facer un grande esforzo”*, sinalou. En concreto Lalín tardaba en pagar unha media de cinco días.


Houbo de seguido un debate, no que **o Sr. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que eses cinco días que o Sr. Alcalde poñía como exemplo de bo goberno, non se producía á hora de facilitar a información que solicitaba a oposición e cumprir a súa función fiscalizadora do grupo de goberno

O Sr. Alcalde-Presidente sostivo que Lalín cumpría as súas obrigas tributarias.

Sobre as verbas do voceiro da oposición, indicou que moitas veces un funcionario tiña que pasar moito tempo buscando os ditos expedientes que se solicitaban, algúns moi atrasados, e localizándoos no arquivo municipal.

Finalmente **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que esa explicación da Alcaldía





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

serviría para algúns expedientes, pero non para todos. Citou en concreto a solicitude de información de varios meses do rexistro de entrada de documentos que se respondeu dándolle acceso á mesma non para os cinco días seguintes, senón para dentro dun mes despois.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao cuarto trimestre de 2014 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na *web* municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

Terceiro.- O período medio de pago a provedores do Concello de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2014 e calculado segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 18.

Cuarto.- O período medio de pago a provedores do Padroado Cultural de Lalín correspondente ao cuarto trimestre de 2014 e calculado segundo a metodoloxía establecida no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é de menos 23.

5.- EXPEDIENTE DE BONIFICACIÓN NO ICIO PARA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE NAVE DESTINADA A VIVEIRO DE EMPRESAS.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta do Concelleiro Delegado de Facenda de data 10 de febreiro de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 19 de febreiro de 2015.


Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** defendeu a proposta. Indicou que a empresa contratista da obra de construción do viveiro de empresas, a cargo da Deputación de Pontevedra, solicitou e tiña dereito a unha bonificación do 95 % do ICIO na liquidación da obra. Persoalmente non estaba de acordo en favorecer a unha empresa que non viña a implantarse no Polígono Lalín 2000, senón que ía facer unha obra. Non obstante parece que as normas así o indicaban e a xurisprudencia así o aconsellaba: había que darlle esa bonificación.

Polo PSdeG-PSOE, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que no presuposto de licitación xa constaba un orzamento para que o contratista abonase as taxas da obra. Agora, ao aforrarlle ese 95%, gañaría dúas veces esa cantidade. O lóxico sería que a Deputación solicitase a bonificación e que ese importe retornase ao erario público.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** falou no mesmo sentido. Non debería ser así, pero as normas así o indicaban, e a empresa beneficiábase dobremente desta situación.

Desde o PGD **D. Camilo Conde López** salientou que era así e había que concederlle a





Lalín muncípio



Concello de Lalín

Secretaría Xeral
dita bonificación.

Tras deliberar brevemente los anteriores intervinientes, deuse por rematado o debate.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de vinte (20) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación APROBOU** o expediente e a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 10 de febreiro de 2015, do seguinte tenor:

Con data do 26 de xaneiro de 2015 (Rexistro de entrada nº 529), D. Javier Sal Pérez (NIF: 32823864-N), actuando en representación da mercantil COPCISA, S.A. con CIF: A-08190696 solicita do Concello de Lalín a declaración de obra de especial interese ou utilidade municipal para as Obras de construción da Nave destinada a Viveiro de Empresas, sita no Polígono Industrial Lalín 2000, por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifican tal declaración aos efectos da concesión da bonificación contemplada no artigo 6º da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras vixente neste Concello.


Consta no expediente a certificación do **acordo do Pleno da Corporación da sesión celebrada o día 26 de maio de 2014** adoptado nos seguintes termos:


“Primeiro.- Ceder o uso e utilización de 2.200 m2 da Parcela de propiedade municipal E-3 emprazada no Polígono Industrial Lalín 2000, con referencia catastral 9851901NH6295S0001EL, á Deputación Provincial de Pontevedra para a construción dunha nave adicada a viveiro de empresas e o acondicionamento do contorno e os accesos á mesma.

Segundo.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión gratuíta dos dereitos de uso e utilización dunha parcela municipal ubicada no Polígono Industrial Lalín 2000 con destino á construción dunha nave destinada a viveiro de empresas, e facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.”

No expediente de cesión da parcela citada consta, entre outros, o documento de solicitude de inicio do expediente remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Lalín para a cesión gratuíta dos dereitos de uso e utilización da parcela en cuestión. Nos citados documentos faise referencia ao convenio asinado

entre a Deputación de Pontevedra e a Fundación INCYDE, fundación creada polas Cámaras de Comercio co obxecto de fomentar a iniciativa empresarial, apoiando as vocacións empresariais, cooperando na creación de novas empresas e axudando na consolidación das xa existentes. Este convenio ten por obxecto establecer liñas de colaboración destinadas a mellorar a xestión empresarial mediante a construción e acondicionamento de naves destinadas á creación de Viveiros de Empresas que permitan descubrir e fomentar iniciativas empresariais e contemplar o tecido empresarial máis acorde coas novas estruturas tecnolóxicas e organizativas. A construción do citado viveiro de empresas, segundo consta no expediente, está financiado no 80% polo F.E.D.E.R. mediante convenio coa fundación INCYDE.





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

A vista da citada solicitude e dos informes emitidos que obran no expediente, O Pleno da Corporación **ACORDOU**:

Primeiro: Declarar de especial interese e utilidade municipal as Obras de construción da Nave destinada a Viveiro de Empresas, sita no Polígono Industrial Lalín 2000 (expte. 7571/14), por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifican tal declaración.

Segundo: Como consecuencia do anterior, conceder unha bonificación do 95% da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor da obra descrita para a que se concedeu licenza, accedendo á solicitude formulada pola empresa contratista adxudicataria da obra, COPCISA, S.A., en calidade de suxeito pasivo substituto do contribuínte.

6. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE.-

6.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE RELATIVA AO CAR.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 15 de febreiro de 2015 e rexistro de entrada do día 16 de febreiro co número 973. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 19 de febreiro de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller** espuxo o contido da moción. Indicou que esta petición xa databa de hai moitos anos. Lembrou que nun primeiro momento falouse de facer un centro nos terreos situados na parte posterior do actual Ambulatorio. Logo o debate foi sobre a idea de dotar a Lalín dun hospital comarcal. Para elo fíxose un informe para demostrar a súa viabilidade. Logo houbo eleccións autonómicas e desde entón está parado o tema.

O certo era que a día de hoxe, tras sete anos, o CAR non estaba feito en Lalín, e non se vía intención algunha de construílo. Todo isto parecía unha tomadura de pelo aos veciños. O último que se sabía era que se aprobou no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei para facer un estudo e buscar fondos para financiar o CAR.


Agora que estaban á vista unhas eleccións locais, había que sacar a relucir o CAR.

Tamén recordou que o Concello expropiou aos donos os terreos para este fin, e os puxo a disposición da Xunta de Galicia. Coidaba que como non se faría esta instalación, habería que devolver os terreos aos seus donos, porque a Xunta de Galicia non tiña intención algunha de construílo en Lalín, tendo en conta que a súa política sanitaria, en xeral, cada vez tendía máis á privatización deste servizo esencial aos cidadáns.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que este era un máis dos incumprimentos a que nos tiña acostumados o grupo de goberno. Aquí non houbo presión do goberno municipal á Xunta de Galicia. Tampouco había intención algunha deste organismo de acometelo. Era certo que se puxeron a disposición da Xunta de Galicia os terreos para facelo, pero nin así se vía intención algunha de construír este centro. O mesmo sucedía co edificio previsto para Medio Rural e para ter en Lalín un Centro de Día.

Estaba a favor da moción e coidaba que había que licitar xa a instalación, cumprindo este compromiso con Lalín.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** dubidaba que se quixera realmente construír esta instalación en Lalín. Estaba a favor da mesma, e coidaba que había que presionar á Xunta de Galicia para que se puxera a traballar nela.

Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que non era imposible que Lalín contase co CAR. As posibilidades de construílo nos últimos tempos reducíronse pola crise económica. Lembrou que houbo un convenio que se fixo para elo. Lembrou que o Concello, a diferenza doutros concellos como Pontevedra, expropiou os terreos e púxoos a disposición da Xunta de Galicia. *“Nós fixemos os deberes. Agora seguimos presionando”*. Afirmou Sinalou que tivo que loitar para levar adiante este centro, mesmo cos funcionarios do Concello, porque este vai ser un centro comarcal para os veciños da comarca, e unicamente Lalín corría co gasto dos terreos. Pola contra elo beneficiará porque haberá un gasto en Lalín. Asegurou que o CAR se fará antes ou despois.

Ultimamente o CAR de Lalín estaba nun paquete con outros concellos da provincia, pero coidaba que finalmente Lalín contaría con esta instalación.

Sobre o Centro de Día, indicou que tal e como estaba agora a demanda deste servizo e a oferta que había, non era unha petición prioritaria para o goberno municipal.

Por alusións, **D. Manuel María González Aller**, cuestionou que no futuro se faga o CAR en Lalín. O que estaba claro era que non había intención de facelo agora.

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que mañá ás once horas a Conselleira de Sanidade estará en Lalín e abordará con ela o CAR. Insistiu en que sempre, todos os meses, unha vez polo menos, reclamou o CAR, e seguía nesa liña de actuacións.

Na moción pedíase a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Reclamar da Xunta de Galicia a inmediata licitación do CAR antes de maio de 2015.

2º.- Denunciar o convenio da construción do CAR por incumprimento reiterado da Xunta de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.


Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

6.2.- MOCIÓN DO PsdeG-PSOE RELATIVA Á SOLICITUDE DUNHA NOVA PONENCIA DE VALORES Á DIRECCIÓN XERAL DE CATASTRO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 16 de febreiro de 2015 e rexistro de entrada





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

do mesmo día co número 970. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2015.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción. Indicou que tal e como se sabía a ponencia de valores contaba con máis de dez anos, en concreto dende o ano 2004. O certo era que hoxe nas compravendas víase que os prezos dos valores estaban altos en relación coas cantidades que se pagaban por elas. Ao igual que antes se revisaban, cando os valores do mercado subían, coidaba que agora tocaba revisar a ponencia e poñer valores catastrais de Lalín á baixa, neste momento de crise económica coa redución dos prezos dos inmobles.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén coincidía co anterior voceiro no sentido de que os prezos que constaban nos recibos do IBI, os valores catastrais, eran excesivos e abusivos, e había que revisalos, poñendo os valores reais que había no mercado.

Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que este tema das revisións catastrais amosaba sempre a existencia dunha loita titánica entre os concellos e o Catastro. Cada un defendía os seus propios intereses. Os concellos tíñano difícil con este tema das ponencias. “*Nós tamén*”, afirmou.

Quérese que baixen un 20 ou un 30 % os valores catastrais; o certo era que cando se fai unha ponencia, a realidade e a experiencia nos ensinaban que subían os valores catastrais. Podía, pois saír mal a operación. Antes os valores catastrais eran o 50 % dos valores do mercado; hoxe estaban por enriba do mercado. Neso estaba de acordo.

Tendo en conta os problemas que se xeraban ao revisar as ponencias dos valores catastrais e á vista da experiencia e das subas nos valores catastrais que teñen os concellos nas que se revisan os mesmos, e a noventa días das eleccións municipais, non sería unha medida acertada adoptala nestes intres.

Lembrou unha vez máis as pelexas que houbo cando se revisou a ponencia de Lalín no ano 2003 e as reunións que se celebraron en Pontevedra por este motivo. Ao final o Catastro puxo un tope, un límite, para non baixar máis os valores catastrais, e aí se quedou. Rexeitarían a moción.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:

Solicitar á Dirección Xeral do Catastro unha nova ponencia de valores que se adapte á situación socioeconómica actual do noso Concello.


Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSdeG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**



7.- MOCIÓN DO BNG.-

7.1.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA QUE EXPLIQUE A CONSTITUCIÓN DO CONSELLO VECIÑAL.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 16 de febreiro de 2015 e rexistro de entrada do día 17 de febreiro co número 982. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2015.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** explicou o contido da moción. Indicou que diante das novas aparecidas en prensa nas que se di que o Sr. Alcalde creou unha especie de consello de asesoramento ao PP, unha comisión na que estaban integradas persoas variopintas de Lalín, algunhas mesmo que dicían ser nacionalistas e que agora vese que non o eran. O seu grupo pedía retomar o regulamento de participación veciñal que estes anos de atrás propuxeron aprobar no Pleno e que o goberno municipal rexeitou. Diante desta iniciativa do goberno municipal, coidaba que debía comparecer o Sr. Alcalde e dar as explicacións correspondentes.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** tamén estaba de acordo en tratar este asunto neste órgano, porque o mandato estaba a rematar e logo xa sería demasiado tarde. Vían positiva a comparecencia para coñecer as ideas do goberno municipal e confrontalas coas propostas que houbo da oposición nese sentido. Ante todo estaban de acordo en darlles voz e participación aos veciños. Pero a idea do Sr. Alcalde de crear ese consello municipal parecíalle rara; non vían o seu contido, e por elo lle pediron que dera marcha atrás.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** manifestou discrepar coas formas do goberno municipal de crear ese órgano de asesoramento, se ben vía positivo que os veciños dalgún xeito participasen. Estaba de acordo cos fins.


Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou aos membros da oposición que el fixo algo que non se fixo antes: ofertar á oposición entrar nun goberno de concentración. Citou a xuntanza cos voceiros da oposición e o medo que estes. Ofertoulles contar con tres membros dos sete da Xunta de Goberno.

O que el fixo agora, e que non gustou á oposición, foi simplemente nomear a unha serie de persoas, pero non creou ningún órgano regrado para asesorar ao Sr. Alcalde, non ao Concello.

De novo **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que das reunións que houbo sobre o goberno de concentración, dúas en total, non saíu nada positivo. Coidaba que ao rexeitar eles esta oferta, tamén lle fixeron un favor ao Sr. Alcalde, porque o partido do goberno tampouco quería. Terminou afirmando que esas persoas que ían asesorar ao Sr. Alcalde non eran xente normal, ou obreiros, ou do sector agrario. Os integrantes eran xente de nivel.

Preguntou **D. Manuel María González Aller** polo custo deste órgano ou consello de asesoramento.





Lalín muncípio

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

Rematou **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmando que o custo sería cero euros.

Na moción pedíase a comparecencia do Sr. Alcalde para explicar os seguintes extremos:

1º. *A que se debe o nomeamento do Consello Veciñal e con que criterios se elixiron aos seus membros.*

2º. *Se considera ou non que se está conculcando as funcións do Pleno da Corporación.*

3º. *Se non ten pensado dar marcha atrás, logo da metedura de pata, disolvendo o citado Consello Veciñal e pedindo desculpas aos veciños de Lalín.*

4º. *Se vai ter en conta aos representantes legalmente escollidos polos veciños e veciñas de Lalín e que hoxe conforman a Corporación municipal.*

Sometida a votación ordinaria a moción mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

8.- MOCIÓN DO PGD.-

8.1.- MOCIÓN DO PGD RELATIVA Á CREACIÓN DUN CENTRO DE NEGOCIOS E ENSINO DE RECUPERACIÓN ARTESANAL DE CARACTER LOCAL.-


A Presidencia deu conta desta moción, de data 19 de xaneiro de 2015 e rexistro de entrada do día 20 de xaneiro co número 375. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2015.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** explicou o contido da moción. Sinalou que había xente en Lalín desempregada, persoas que formaban un colectivo difícil de integrar na sociedade civil. Para eles había que buscar unha fórmula que inclúa accións e actuacións municipais que lles dean traballo ou ingresos. Por iso viña a moción.

Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** salientou que vista a moción non se entendía moi ben o que se pedía. Parecía que se refería a algúns ámbitos de actuacións como o lixo, o vidro, e pediu ao edil promovente que dera máis explicacións e concretase a moción.

De seguido, **D. Camilo Conde López** indicou que o Sr. Alcalde comprendía e coñecía de sobra que había en Lalín un colectivo de xente preparada, sen medios, carentes de recursos económicos ou de traballo e aos que había que axudar. Buscar a fórmula de axudarlles era a cuestión.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** dixo que non vía moi concertada a moción. En principio podía encauzarse cos Obradoiros de Emprego, pero a moción presentaba outras



Secretaría Xeral

cuestións. Era unha entelequia axudar a quen non quere ser axudado. Habería que tentar que estas persoas se agrupasen ou se xuntasen en agrupacións ou asociacións e logo recibir axudas ou concertar actuacións coas administracións.

En canto ao de evitar que estas persoas pidan axuda na rúa, isto era algo imposible, salvo que se regulamentasen estas situacións por medio dunha ordenanza legalmente aprobada. En todo caso, pediu que a moción se tratase como un rogo, porque se parecía máis ben a isto.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** vía ben que se tentasen realizar actuacións como eran a recollida do lixo, vidro, de botellas e traballar na reciclaxe, e ao mesmo tempo axudar a estes colectivos. Vían ben a moción e apoiárla.

De novo **D. Camilo Conde López** insistiu en que se buscaba axudar a determinados colectivos determinados marxinais, que había en Lalín con axudas ou con outras formas de actuación.

Por parte do grupo de goberno, a edil delegada de Actividade Económica, Comercio e Emprego, **Dª María José Batán Mourño**, indicou que xa había algunhas axudas que se daban a estes colectivos por medio de convenios e de obradoiros de emprego. Afirmou que o Concello tiña suficientes medios e ferramentas para evitar ou para abordar estas situacións. En todo caso, pediu tamén que se tratase como un rogo esta moción.

Tamén a edil de servizos sociais **Dª. María Paz Pérez Asorey** indicou que había un convenio coa Policía Local para levar un seguimento e contacto con estes colectivos de persoas. Contábase cun protocolo en vigor que se aplicaba e invitou ao edil propoñente a coñecer estas actuacións municipais.

Na moción pedíase:

A creación dun Centro de Negocios e Ensino de Recuperación Artesanal, de carácter local, que promova a iniciativa en procura dos seguintes obxectivos:

- A recuperación de materiais de desfeito, como poden ser envases de vidro, mobiliario, obxectos de adorno, aparatos, etc., coa conseguinte redución de lixos.

- O seu tratamento posterior e sometelos a diferentes métodos de decoración, permitindo deste xeito a súa reposición nos mercados. Isto propiciaría poder divulgar e promover as cousas de interese que forman parte do noso patrimonio, tanto no eido artístico coma no natural (paisaxes, edificios emblemáticos e históricos, arte e cultura do no entorno, etc.), como por exemplo, decorar botellas con imaxes dos diferentes carteis do cocido ou con edificacións destacables do entorno, etc.


- Efectuar a restauración de mobiliario e obxectos de adorno, entre outros.


- A fabricación de figuras e monumentos con diferentes materiais de desfeito, conseguindo combinacións artísticas e decorativas.

- Outros traballos que se acomoden aos obxectivos previsto.

Solicítase a aprobación e posterior compromiso para o desenvolvemento da iniciativa, así como a consecución de medios suficientes que permitan a súa materialización futura: adaptación dun local, dotación de medios e profesorado acorde ás pretensións e obxectivos. Organizar a faceta de negocio que permita asignar ingresos para os traballadores despois dos impostos e demais cumprimento dos requisitos legais que lle afecten.

Na confianza de obter o voto afirmativo para esta iniciativa, que propiciaría formación experimental para este colectivo de connotacións máis débiles para acceder ao mercado laboral, eliminaríamos lixo, promoveríamos aspectos turísticos beneficiosos para a comarca, ademais de propiciarlles medios económicos que dignificarían o seu entorno de vista





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral
social, evitando incluso a mendicidade nalgúns dos aspectos.

Sometida a votación ordinaria, **por unanimidade dos asistentes acordouse** deixar sobre a mesa a devandita moción para mellor plantexamento e estudo da mesma.

8.2.- MOCIÓN DO PGD RELATIVA Á COBERTURA SANITARIA PARA ESPAÑOIS RETORNADOS.-

A Presidencia deu conta desta moción, de data 19 de xaneiro de 2015 e rexistro de entrada do día 20 de xaneiro co número 373. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 19 de febreiro de 2015.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** explicou o contido da moción. Había emigrantes españois retornados que non tiñan Seguridade Social, sendo unha clara discriminación para estas persoas que emigraron hai anos por falta de traballo e que agora se vían nesta situación.

Polo grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** sinalou que tamén a apoiaría. Era inxusto que este colectivo de persoas retornadas do estranxeiro, por exemplo de Suiza, que daquela estiveron cotizando, agora se atopen con esta discriminación. Había que apoiarlles. Non era casual esa situación, senón que había que enmarcala no procesos de privatización de servizos, que obrigaba a cotizar para ter dereito á sanidade.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo coa moción e apoiarlana, tal e como xa dixeran noutras ocasións.

Polo grupo de goberno, **Dª Pilar López Carrón** indicou que todo cidadán español ten dereito á cobertura sanitaria. Cando emigra a outro país, o dito país dálle a tarxeta sanitaria, cando se trata dun país da Unión Europea. Cando regresa a España acude ao INSS e ten dereito a un recoñecemento directo, sempre e cando non teña recursos económicos. Non era certo o que se dicía na moción, pois existía ese dereito á sanidade.


De novo **D. Camilo Conde López** insistiu no que se pedía na moción: que había persoas emigrantes galegos retornados que recibían unha pensión do país de orixe e que tiñan que cotizar, pagar unha parte da mesma para ter dereito á asistencia sanitaria.

De novo **Dª Pilar López Carrón** afirmou que había países como Suiza que tiñan dereitos sociais máis vantaxosos que os de España, e que neses supostos estaba cuberto pola normativa europea.

Tamén **D. Manuel María González Aller** insistiu en que había emigrantes retornados, de Suiza en concreto, que vivían con pensións devengadas no dito país, pero que en España tiñan que pagar unha porcentaxe que fixaba o Ministerio de Sanidade. Indicou que había que apoiar a moción e eliminar estes pagos.

Na moción pedíase:





Lalín muncípio



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Que a ditos colectivos se lle recoñeza o dereito de asistencia sanitaria como calquera outro español, evitando esta situación que entendemos comparativamente inxusta.

Que previo o seu voto favorable a esta proposta, se remita o texto en demanda de solidariedade coa mesma e trasladar este acordo e petición aos demais concellos galegos, habida conta de que este territorio é un dos que teñen máis incidencia migratoria con este país, solicitando que todos, oportunamente trasladen esta demanda ao ministerio correspondente e demais órganos de goberno que teñan competencias para promover as reformas necesarias que permitan a consecución do solicitado.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (7), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, dous (2) do BNG e un (1) do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

9.1.- ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel M^a González Aller.


1.- ROGO.- Reitera que o firme da vía SG V-5 se atopa en moi mal estado, especialmente desde o colexio público M. Rivero ata a estrada que vai a Rodeiro, co conseguinte perigo para os vehículos e para os peóns. Pide que se arranxe e que o goberno municipal se tome en serio este asunto.


Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias**, Alcalde-Presidente, indicando que xa estaba cerrado un acordo coa Xunta de Galicia, CMATl para arranxar esta vía. Queríase que este convenio fose a tres partes ou a catro, incluíndo no mesmo á Deputación Provincial e ao Ministerio de Fomento, aínda que coidaba que elo posiblemente non se conseguiría.

Sobre a obra a facer, sinalou que era de envergadura, sobre todo nese tramo. Cumpría levantar o firme, quitar e canalizar a auga do terreo, porque había moita, botar unha capa de macadam e logo poñer un asfalto acorde coas características do terreo. O proxecto xa estaba feito para ese tramo.

O goberno municipal seguía a traballar.

9.2.- PREGUNTAS.





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Presentadas de xeito escrito durante a sesión:

PSdeG-PSOE.

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez.

PREGUNTAS EN RELACIÓN CO CUMPRIMENTO DO ACORDO ADOPTADO NO PLENO DO UN (1) DE DECEMBRO PASADO SOBRE O ENIL DE CATASÓS.

No Pleno do 1 de decembro, logo da presentación dunha moción conxunta dos grupos da oposición municipal en relación coa solicitude da declaración de ENIL da zona de Catasós afectada pola liña de Fenosa, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.- Dirixirse á empresa Gas Natural-Fenosa para que non comence e suspenda os traballos do trazado da LAT Irixo-Lalín no entorno da carballeira de Casas Vellas (Catasós), ata que estean avaliadas desde unha perspectiva técnica e medioambiental as posibles alternativas para o trazado ou variación de dita liña, a fin de minimizar a súa incidencia ambiental.

Segundo.- Solicitar de Gas Natural-Fenosa o borrador do convenio no que se fixen as garantías de non talar as árbores autóctonas que quedarían por debaixo da liña, nunha hipotética sobreelevación do cableado.

Terceiro.- Solicitar informes técnicos e ambientais sobre a delimitación e alcance da declaración de ENIL para dito entorno, así como manter reunións veciñais a fin de avaliar a oportunidade da mesma.

En relación a este tema formúlanse as seguintes preguntas:

1.1.- ¿Cando se dirixiu o Concello á empresa Fenosa tal e como se acorda no punto 1º do acordo?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

1.2.- ¿Cando se solicitou a Fenosa o borrador do convenio? ¿Existe a día de hoxe ese convenio?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

1.3.- ¿Cando se solicitaron, e a que persoas ou organismos, os informes do punto 3º do acordo?.


O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.


1.4.- ¿Tivo lugar algunha reunión veciñal? ¿Está prevista algunha data?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

P.G.D.

PREGUNTA.- D. Camilo Conde López indica que na Praza da Igrexa está instalada unha





Lalín muncípio



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

carpa, que leva moito tempo alí. Indica que aos veciños lle fai pouca gracia. Quere saber cando vai ser retirada.

*O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, e a concelleira de Actividade Económica, Comercio e Emprego, **D^a. María José Batán Mouriño** indicaron que á carpa lle quedaba pouco tempo de estar alí. Sinalaron que ía ser retirada o pasado xoves ou o venres, pero que non puido ser por varios motivos que alegou a empresa. Coidaba que nos vindeiros días se retiraría a mesma.*

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as doce horas e trinta e seis minutos.

O Alcalde

Dou Fe. O Secretario Xeral

José Crespo Iglesias

César López Aribas

